

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

## **DIDÁCTICA**

**RELIXIÓN E M. CATÓLICA**

**C.P.I. FONTE DÍAZ (TOURO)**

**CURSO: 2019/20**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa dicta instrución para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20 o 27 de abril de 2020. Estas derivan da situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID 19 que o 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde elevou á categoría de pandemia internacional. Na Comunidade Autónoma de Galicia, por Acordó do Consello da Xunta do 12 de marzo de 2020, adoptáronse medidas preventivas, seguidas o 13 de marzo pola declaración da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e de activación do Plan territorial de emerxencia de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego) como consecuencia da evolución da pandemia do COVID/19. Neste contexto entre as medidas adoptadas respecto ao ensino non universitario establécese a suspensión das actividades académicas mediante o Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, publicado no BOE nº 67, de 14 de marzo, declarándose o estado de alarma para a xestión desta crise sanitaria, e a súa aplicación significou a suspensión das clases presenciais en todas as etapas do sistema educativo de España. En Orde EFP/365/2020 de 22 de abril o Ministerio de Educación de Formación Profesional establece o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/20 ante a crise ocasionada polo COVID-19. Esta norma ten carácter básico e flexibiliza os criterios para a promoción e titulación, quedando sin efecto o criterio de número de materias non superadas, ademais de modificar o marco normativo que rexe o desenvolvemento do curso 2019/20. De acordó co anterior, en 27 de abril do 2020 A dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e innovación Educativa, dicta instrución xerais para a aplicación de dita norma básica polos centros educativos para o terceiro trimestre en aspectos como a programación e o desenvolvemento das actividades de ensinanza-aprendizaxe, a avaliación, a promoción e a titulación do alumnado galego dos distintos cursos e niveis, tendo en conta as necesidades do conxunto da comunidade educativa, desde os docentes, ata o alumnado e as súas familias. Estas instrución teñen por obxecto determinar nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, aspectos organizativos e académicos necesarios para o adecuado desenvolvemento no terceiro trimestre do curso 2019/20 das ensinanzas establecidas ao abeiro da Lei Orgánica 2/2006, do 3 maio, de Educación, na redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, no contexto da aplicación das medidas de contención no ámbito educativo e da formación previstas no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Nestas instrución tamén se dicta que os departamentos didácticos adaptarán a programación didáctica das ensinanzas correspondentes ao ciclo, áreas, materias ou módulos integrados no departamento.

## ÍNDICE

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.</b>	<b>4</b>
<b>2. Avaliación e cualificación.</b>	<b>15</b>
<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)</b>	<b>16</b>
<b>4. Información e publicidade.</b>	<b>17</b>

# 1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

## 1.1. Relación de estándares e competencias (1ºESO).

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ↓	(CCL)	(CMCCT)	(CD)	(CAA)	(CSC)	(CSIEE)	(CCEC)
Expresa por escrito sucesos imprevistos nos que se reconece que a realidade é un don.	Si.			Si.	Si.		Si.
Avalía, compartindo cos compañeiros, sucesos e situacións nas que queda de manifesto que a realidade é don de Deus.				Si.	Si.	Si.	
Argumenta a orixe do mundo e a realidade como froito do designio amoroso de Deus.	Si.					Si.	
Relaciona e distingue, explicando coas súas palabras, a orixe da creación nos relatos míticos da antigüidade e o relato bíblico.	Si.						Si.
Coñece e sinala as diferenzas entre a explicación teolóxica e científica da creación.	Si.	Si.		Si.			
Respecta a autonomía existente entre as explicacións, teolóxica e científica, da creación.		Si.					Si.
Coñece, interpreta e constrúe unha liña do tempo cos principais acontecementos e personaxes da historia de Israel.		Si.	Si.	Si.			Si.
Mostra interese pola historia de Israel e dialoga con respecto sobre os beneficios desta historia para a humanidade.					Si.	Si.	Si.
Busca relatos bíblicos e selecciona xestos e palabras	Si.			Si.			

de Deus nos que identifique a manifestación divina.							
Recorda e explica construtivamente, de modo oral ou por escrito, accións que reflicten o desvelarse de Deus para co pobo de Israel.	Si.				Si.	Si.	
Identifica e clasifica de xeito xustificado as diferenzas entre a natureza divina e humana de Xesús nos relatos evanxélicos.	Si.			Si.			
Esfórzase por comprender as manifestacións de ambas naturezas expresadas nos relatos evanxélicos.				Si.			
Recoñece a partir da lectura dos textos evanxélicos os trazos da persoa de Xesús e deseña o seu perfil.	Si.					Si.	
Ordena e explica coas súas palabras os pasos do proceso formativo dos evanxeos.	No.						No.
Sinala e explica as distintas formas de presenza de Xesucristo na Igrexa: sacramentos, palabra de Deus, autoridade e caridade.	No.				No.		No.
Coñece e respecta que os sacramentos son acción do Espírito para construír a Igrexa.					No.		No.

## 1.2. Relación de estándares e competencias (2ºESO).

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ↓	(CCL)	(CMCCT)	(CD)	(CAA)	(CSC)	(CSIEE)	(CCEC)
Argumenta a dignidade do ser humano en relación aos outros seres vivos.	Si.			Si.	Si.		
Distingue e debate de forma xustificada e respectuosa a orixe do ser humano.	Si.					Si.	
Valora, en situacións da súa contorna, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais, etc.					Si.		Si.
Clasifica accións do ser humano que respectan ou destrúen a creación.						Si.	Si.
Deseña en pequeno grupo un plan de colaboración co seu centro educativo no que se inclúan polo menos cinco necesidades e as posibles solucións que o propio		Si.					

grupo levaría a cabo.							
Busca e elixe personaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza a resposta de fe neles.	Si.			Si.			Si.
Interésase por coñecer e valora a resposta de fe ao Deus que se revela.						Si.	Si.
Identifica, clasifica e compara as características fundamentais dos Libros Sagrados mostrando interese pola súa orixe divina.	Si.						Si.
Le, localiza e esquematiza os criterios recolleitos na Dei Verbum en torno á interpretación da Biblia valorándoos como necesarios.	No.					No.	
Distingue e sinala en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica, xustificando no grupo a selección dos textos.	Si.			Si.	Si.		Si.
Coñece e xustifica por escrito a existencia nos Libros Sagrados do autor divino e o autor humano.	Si.			Si.			Si.
Coñece e describe as características do Deus cristián.	Si.						Si.
Le relatos mitolóxicos, localiza trazos das divindades das relixións politeístas e contrástaos coas características do Deus cristián.	No.		No.	No.			No.

Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita do outro para alcanzar a súa identidade a semellanza de Deus.	Si.			Si.	Si.		Si.
Confecciona materiais onde se expresan os momentos relevantes da historia salvífica e relaciónaos coas verdades de fe formuladas no Credo.						Si.	
Clasifica as verdades de fe contidas no Credo e explica o seu significado.	Si.			Si.			
Localiza no mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades cristiás e describe as súas características.	No.	No.		No.			
Reconstrúe o itinerario das viaxes de San Paulo e explica coas súas palabras a difusión do cristianismo no mundo pagá.	No.			No.			
Describe e valora a raíz da unidade e santidad da Igrexa.	Si.			Si.			Si.
Elabora materiais, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación, onde se reflicte a universalidade e apostolado da Igrexa.						Si.	Si.



### 1.3. Relación de estándares e competencias (3ºESO).

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ↓	(CCL)	(CMCCT)	(CD)	(CAA)	(CSC)	(CSIEE)	(CCEC)
Expresa e comparte en grupo situacións ou circunstancias nas que reconece a esixencia humana de felicidade e plenitude.	Si.			Si.	Si.		Si.
Analiza e valora a experiencia persoal fronte a feitos belos e dolorosos.				Si.	Si.	Si.	
Selecciona escenas de películas ou documentais que mostran a procura de sentido.	Si.					Si.	
Identifica, analiza e comenta situacións actuais onde se expresa o pecado como rexeitamento ou suplantación de Deus.	Si.						Si.
Analiza o texto sagrado diferenciando a verdade revelada do roupaxe literario e recrea un relato da verdade revelada sobre o pecado orixinal con linguaxe actual	Si.	Si.		Si.			
Busca e selecciona biografía de conversos.		Si.					Si.
Expresa xuízos respectuosos sobre a novidade que o encontro con Cristo introduciu na forma de entender o mundo, segundo as biografías seleccionadas.		Si.	Si.	Si.			Si.
Crea e comparte textos,					Si.	Si.	Si.

videoclips, curtos, para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supuxo o encontro con Xesús.							
Busca, selecciona e presenta xustificando a experiencia dunha persoa que atopou a Cristo na Igrexa.	Si.			Si.			
Escoita testemuños de cristiáns e debate con respecto achega da plenitude de vida que neles se expresa.	Si.				Si.	Si.	
Demostra mediante exemplos previamente seleccionados que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia.	Si.			Si.			
Defende de forma razoada a influencia da fe na arte, o pensamento, os costumes, a saúde, a educación, etc.				Si.			

## 1.4. Relación de estándares e competencias (4ºESO).

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ↓	(CCL)	CMCCT)	(CD)	(CAA)	(CSC)	(CSIEE)	(CCEC)
Identifica e clasifica os trazos principais (ensino, comportamento e culto) nas relixións monoteístas.	Si.		Si.	Si.			
Busca información e presenta ao grupo as respostas das distintas relixións ás preguntas de sentido.	Si.			Si.			Si.
Razoa por que a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa.	Si.			Si.			
Analiza e debate as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións.	Si.				Si.	Si.	
Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que atopa na historia de Israel.				Si.			
Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que reconece a fidelidade de Deus.				Si.	Si.	Si.	
Identifica, clasifica e compara os trazos do Mesías sufrinte e o Mesías político.	Si.				Si.		Si.
Esfórzase por comprender a novidade do Mesías sufrinte como criterio de vida.				No.		No.	

Localiza, selecciona e argumenta en textos evanxélicos a chamada de Xesús	Si.			Si.			
Le de xeito comprensivo un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Xesús.	Si.				Si.	Si.	
Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por que continúan a misión de Xesús.	Si.				Si.	Si.	
Elaborar xuízos a partir de testemuños que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade.	Si.			Si.		Si.	
Adquire o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen.				Si.	Si.	Si.	
Se consciente das diferentes formas de vivir a afectividade e prefire a que reconece como máis humana.				Si.	Si.		Si.
Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica como reconece nelas a verdade.	Si.			Si.	Si.		
Reconece e valora na Igrexa distintas figuras que son autoridade, polo servizo ou polo testemuño.			Si.	Si.	Si.	Si.	Si.
Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a	Si.						Si.

verdade do ser humano.							
Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais da súa contorna que colaboran na construción da civilización do amor.	No				No		

## 1.5. Procedementos e instrumentos de avaliación. Criterios de avaliación (1º, 2º, 3º e 4º da ESO).

Nos *procedementos de avaliación* recolleemos todos os métodos que fan posible contrastar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo. Para a avaliación dos estándares de aprendizaxe podemos fixarnos en tres aspectos: a temporalización, os axentes que avalían e as técnicas que usamos.

a) En canto á temporalización:

### AVALIACIÓN ORDINARIA

Ao longo do curso realizamos dúas avaliacións, unha por cada trimestre.

### AVALIACIÓN FINAL

A avaliación e cualificación do alumnado adaptarase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, beneficiando sempre ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificadas.

O procedemento para o cálculo da cualificación final será o seguinte: Será a nota da segunda avaliación a que se lle engadirá ata un máximo de 2 puntos dependendo do traballo e a implicación amosada polo alumnado na entrega das tarefas.

b) En canto ós axentes non soamente avalía o docente senón que teremos en conta a avaliación entre iguais.

c) En canto ás técnicas teranse en conta as producións escritas e dixitais.

Observación sistemática. Leva consigo a observación das actitudes manifestadas polo alumno e das súas respostas ás tarefas suxeridas . OB

Producións do alumno: Expresión nun caderno de clase e/ou nun blog das actividades realizadas.  
Resolución de exercicios. Elaboración de resumos, monografías, informes. PA

Expresións orais: Conversación co alumno para medir a súa implicación nos temas desenvolvidos: valoración da súa creatividade e investigación persoal. EO

Probas específicas: Interpretación de datos. PE

En resume, as probas escritas individuais valoraranse cun 100 %

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	Procedementos: O alumnado realizará as actividades e tarefas sinalas na páxina web do centro.
	Instrumentos: A realización das tarefas no caderno de clase, traballos en Word, fotografías enviadas por correo electrónico
<b>Cualificación final</b>	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A cualificación final do curso será a mesma que na 2ª avaliación, a que se lle poderá engadir ata un máximo de 2 puntos en función do traballo realizado polo alumnado.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Non se contempla
<b>Avaliación de materia pendentas</b>	Criterios de avaliación:  Non se contempla
	Criterios de cualificación:  Non se contempla
	Procedementos e instrumentos de avaliación:  Non se contempla

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	De reforzo e repaso
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<u>O alumnado enviará por correo electrónico as tarefas propostas na páxina web do centro. Se teñen problemas de conectividade falaráse con eles por correo electrónico e/ou falaráse cos titores e faráselles saber que mediante fotografía co mobil da tarefa na libreta a envien por correo electrónico</u>
<b>Materiais e recursos</b>	<u>Libro de texto e internet. Tamén entrevistas, revistas, traballos de campo.</u>



#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Envío de correo electrónico a cada alumno e na páxina web do centro. Se fose posible tamén a través de Google Classroom
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.